

INSTRUCCIÓN PARA A AUTORIZACIÓN E REXISTRO DOS AXENTES DE CONTROL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

1. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- **Real Decreto 387/2021**, do 1 de xuño, polo que se regula o réxime de certificación fitosanitaria oficial para a exportación de vexetais e produtos vexetais e modifícase o Real Decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

2. DEFINICIÓNS E REQUISITOS

Axente de control (AC): técnico competente, oficialmente autorizado para emitir atestacións do cumprimento de requisitos fitosanitarios ou que reflectan o estado fitosanitario de determinados produtos a exportar fóra das campañas específicas.

A autorización para exercer como AC será de carácter autonómico, e só poderán actuar nas comunidades autónomas nas que están autorizados.

3. PROCEDIMENTO PARA O REXISTRO E AUTORIZACIÓN (artigo 10 do RD 387/2021, do 1 de xuño)

Os pasos seguir polos interesados en darse de alta como axentes de control en Galicia son os seguintes:

1. Presentación da solicitude do Anexo I parte B do RD Real Decreto 387/2021, do 1 de xuño, a través do procedemento xenérico PRO04A da Sede Electrónica, dirixida á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

2. Xunto coa solicitude deberá presentar a seguinte documentación:

- 1) Copia do NIF.
- 2) Inscripción no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesoramento.
- 3) Documentación acreditativa da titulación que posúe.
- 4) Documentación que acredite unha experiencia mínima de 2 anos en sanidade vexetal ou xestión integrada de pragas.
- 5) Acreditación de ter realizado o curso sobre a normativa fitosanitaria básica á exportación, organizado pola Dirección Xeral De Sanidade da Producción Agraria (DXGSPA).
- 6) Declaración responsable na que se confirme o seguinte:
 - Que se declara imparcial e que non ten ningún conflito de intereses no exercicio das tarefas que desenvolva de acordo ao RD 387/2021, do 1 de xuño.
 - Que os datos e a documentación achegada son certos.
 - Que non foi sancionado en virtude de expediente incoado por prácticas profesionais inadecuadas no ano en curso ou nos dous últimos anos nin está en período de inhabilitación.
- 7) Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no caso de que non de o consentimento expreso para que a Administración poida comprobar directamente ou obter ditos documentos.

Para calquera aclaración ou dúbida sobre este trámite poder poñerse en contacto co Servizo de Sanidade e Producción Vexetal:

Correo electrónico	Teléfonos
ssp.v.cmr.m@xunta.es	881997443- 981540060